



INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO

DEPARTAMENTO: INGLÉS

MATERIA LOMLOE: Comunicación oral en lingua estranxeira

CURSO NO QUE SE IMPARTE: 1º BAC

➤ **Breve descripción da materia en canto aos contidos:**

A materia Comunicación Oral en Lingua Estranxeira (Inglés) de 1º de bacharelato toma o inglés como lingua vehicular. Este proxecto pretende, a partir de traballar a expresión e comprensión oral, obter resultados notables de dominio da lingua, ofrecer unha base para o estudo e proporcionar a oportunidade para adquirir, a través da práctica, o vocabulario, as estruturas e a pronuncia e entoación típicos dos falantes desta lingua.

➤ **Metodoloxía das clases:**

A metodoloxía baséase na realización de diversas tarefas que son as actividades para as que utilizamos a lingua e que forman parte da vida cotiá nos ámbitos persoal, público, educativo e profesional: facemos plans para a fin de semana, discutimos un suceso de actualidade, lemos información sobre unha cidade ou monumento que visitamos, escribimos unha nota para deixar na casa antes de saír, escoitamos un debate na radio ou televisión, etc. Estas tarefas da «vida real» elíxense segundo as competencias, características e necesidades que ten o alumnado.

Tendo en conta que o obxectivo principal é conseguir que o alumnado sexa capaz de comprender mensaxes e expresarse oralmente e por escrito, a metodoloxía ten que estar centrada na práctica das destrezas de escoitar, falar, conversar, ler e escribir.

➤ **Relación desta optativa cos estudos posteriores** (estudos universitarios, ciclos superiores de formación profesional...):

Optativa importante para o alumnado interesado en mellorar a súa competencia na expresión e comprensión oral en lingua inglesa. Consideramos que repercutirá positivamente en calquera ámbito profesional ou académico no que haxa que expresarse en inglés.